CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Comprende diferentes textos e atopa as ideas principais		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Adquire gusto pola lectura		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Produce textos propios, en diferentes soportes, coidando a redacción e a presentación		
CA3.8 - Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e das virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Coñece o funcionamento das distintas bibliotecas. Usa a CDU		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Busca información de distintas fontes e adáptaa a textos propios		
CA4.2 - Compartir os resultados dun proceso de investigación sinxelo, individual ou grupal, sobre algún tema de interese persoal, realizado de maneira progresivamente autónoma, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes, incluídas as dixitais.	Busca e contrasta información		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Usa a biblioteca de aula		
CA4.4 - Adoptyr hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías da información e da comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Usa, de forma responsable, as novas tecnoloxías		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le textos en lingua galega		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comenta textos		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Usa os diferentes dicionarios para comprender diferentes textos		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Adquire vocabulario en lingua galega		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos



**Contidos**

- Procesos: produción oral
- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega.
- Contexto
- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.
- Xéneros discursivos
- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Estratexias básicas na procura guiada da localización, selección e contraste de información recollida de distintas fontes, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.
- Estratexias e técnicas para comparar e clasificar a información.
- Identificación e valoración crítica das mensaxes e da información recollidas e transmitidas de distintas fontes e de distintos tipos de texto.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero, número, persoa) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental.
- Mecanismos de coherencia e cohesión elementais, con especial atención ás repeticións e sinónimos, á orde de oracións e parágrafos, aos diferentes conectores gramaticais e textuais explicativos e ás substitucións pronominais como mecanismo gramatical elemental e referencia interna.
- Estratexias e técnicas elementais de recoñecemento da intención comunicativa e do uso guiado de dicionarios, en distintos soportes.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

UD	Título da UD	Duración
12	Chegan as vacacións	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Comparar aspectos básicos das linguas do ámbito escolar e social para acadar unha competencia comunicativa integrada.	Diferencia linguaxe culta e coloquial	PE	20
CA6.2 - Producir en galego textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes, en distintos soportes, seleccionando o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa, iniciándose no uso das normas gramaticais e ortográficas máis sinxelas e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción, revisión e edición.	Produce textos sinxelos en lingua galega tendo en conta a planificación, redacción e revisión		
CA2.1 - Comprender o sentido de textos orais e multimodais sinxelos, recoñecendo as ideas principais, as mensaxes explícitas e as mensaxes implícitas máis sinxelas, e progresando, de maneira acompañada, na valoración crítica do contido e dos elementos non verbais elementais.	Escoita un conto e identifica personaxes	TI	80
CA2.4 - Elaborar textos orais e multimodais coherentes, con planificación acompañada, axustando o discurso á situación comunicativa e utilizando recursos non verbais básicos.	Planifica e elabora textos orais		
CA2.6 - Expresarse con coherencia de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións, progresando na adquisición de vocabulario.	Exprésase con coherencia nas súas exposicións orais		
CA2.7 - Rexeitar os usos lingüísticos discriminatorios e a discriminación polo uso da lingua galega, e identificar os abusos de poder a través da palabra a partir da reflexión grupal acompañada sobre os aspectos básicos, verbais e non verbais, da comunicación, tendo en conta unha perspectiva de xénero.	Exprésase en galego en calquera situación		
CA3.1 - Ler de maneira silenciosa e en voz alta textos escritos e multimodais sinxelos en lingua galega, identificando o sentido global e a información relevante e integrando, de maneira progresivamente autónoma, a información explícita.	Le, entoa e comprende unha fábula escrita, respostando preguntas de comprensión.		
CA3.3 - Utilizar estratexias para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía, identificando palabras clave, realizando inferencias e anticipando hipóteses.	Recoñece distintos textos e incorpora novo vocabulario		
CA3.5 - Adquirir a eficacia lectora mediante unha planificación sistemática de mellora e o gusto pola lectura.	Le de maneira clara e con entoación		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.6 - Producir en lingua galega textos escritos e multimodais sinxelos e coherentes en distintos soportes, seleccionado o modelo discursivo que mellor responda a cada situación comunicativa e progresando, de maneira acompañada, na mobilización de estratexias sinxelas, individuais ou grupais, de planificación, redacción e revisión, coidando a presentación.	Escrebe textos sinxelos en lingua galega con coherencia		
CA3.8 - Coñecer o funcionamento das bibliotecas de aula, de centro e das virtuais, participando nas actividades organizadas e interesarse por manter e ampliar unha biblioteca propia con textos tradicionais da literatura galega.	Usa a biblioteca		
CA4.1 - Localizar, seleccionar e contrastar información de distintas fontes, incluídas as dixitais, citándoas e recreándoas mediante a adaptación creativa de modelos dados.	Usa diferentes fontes de información para adaptar textos		
CA4.3 - Utilizar a biblioteca de aula e centro para localizar lecturas axeitadas ao seu gusto persoal e intereses, aplicando as normas básicas do seu funcionamento.	Coñece o funcionamento da biblioteca de centro		
CA4.5 - Ler de maneira autónoma ou acompañada textos de diversas fontes de información que empreguen a lingua galega acordes cos seus intereses, avanzando na construción da súa identidade lectora.	Le autónomamente textos en galego		
CA4.6 - Compartir oralmente a experiencia de lectura, participando, de forma acompañada ou autónoma, en comunidades lectoras de ámbito escolar.	Comenta lecturas cos compañeiros		
CA6.4 - Revisar os textos propios e alleos, de maneira acompañada, a partir da observación, comparación e manipulación de palabras nun proceso de mellora na produción e comprensión de textos e mediante o uso guiado de dicionarios físicos ou dixitais.	Usa correctamente o dicionario, tanto físico como dixital		
CA6.6 - Sistematizar a adquisición de vocabulario galego a través dos textos.	Adquire novo vocabulario a través de textos escritos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos: produción oral</li> <li>- Produción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía, atendendo á súa intención comunicativa. Pronuncia e entoación adecuadas atendendo á particularidade fonética da lingua galega.</li> <li>- Contexto</li> <li>- Incidencia dos compoñentes (situación, participantes, propósito comunicativo, canle) no acto comunicativo.</li> <li>- Xéneros discursivos</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias para a comprensión lectora de textos da literatura galega axeitados á súa idade.
- Procesos: comprensión lectora
- Lectura individual ou acompañada de distintos tipos de textos, con entoación e ritmo adecuados ao desenvolvemento cognitivo.
- Estratexias básicas de comprensión do sentido xeral e identificación das ideas máis relevantes de textos escritos en lingua galega, realizando as inferencias necesarias.
- Valoración e aprecio da lectura, especialmente en lingua galega, como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Comprensión de textos diversos, adecuados á súa idade, lidos en voz alta e en silencio, empregando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e consolidar a ortografía correcta.
- Uso da biblioteca para a lectura dos libros propostos, na procura de información e utilización desta como fonte de información e lecer.
- Coñecemento da organización e funcionamento das bibliotecas da aula, do centro e das virtuais e participación nas actividades organizadas. Interese por manter a biblioteca propia e persoal, ampliando os seus fondos con textos propios da literatura galega.
- Utilización da biblioteca e dos recursos dixitais da aula ou do centro como fonte de información, aprendizaxe e lecer.
- Utilización das tecnoloxías da información e da comunicación de modo eficiente e responsable para elaborar e presentar as súas producións, adoptando hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable.
- Os signos de puntuación elementais como mecanismos para organizar o texto escrito e para expresar a intención comunicativa e relacionándoa coa modalidade oracional.
- Establecemento de xeneralizacións sobre aspectos lingüísticos elementais na estrutura do galego, prestando especial atención ás relacións (xénero, número, persoa) que se establecen entre substantivos, adxectivos e verbos, utilizando unha metalinguaxe específica elemental.
- Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.
- Recoñecemento das distintas clases de palabras e características do seu uso en situacións concretas de comunicación (substantivo, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, pronomes e artigos) e utilización das regras básicas de ortografía e puntuación.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante: o docente pasa a ser un xestor de coñecemento dos alumnos, e o alumno adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, na área de Lingua Galega e Literatura:

Os alumnos iniciaránse na utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade. Necesitamos dotar o alumnado de ferramentas para que poidan desenvolverse en múltiples contextos dominando a lingua oral e escrita de forma funcional.

Centramos a orientación nesta área na adquisición de habilidades imprescindibles para o desenvolvemento da capacidade de comprensión dos alumnos e alumnas, sempre a través de apoios graduais e partindo da realidade máis inmediata do neno.

Todo o traballo se encamiña a proporcionarlle recursos de comunicación:

-A escritura: integramos o proceso de adquisición desta destreza a través do coñecemento previo dos sons, os cales se estudan en relación con un contexto de aprendizaxe motivadora e se abordan dunha maneira progresiva.

-A expresión oral: mediante a participación na clase favorecese a ampliación e utilización do vocabulario, a expresión de experiencias persoais, a formulación de conxecturas e hipóteses, etc. O profesor fomenta distintos tipos de situacións de comunicación oral condicionados a cada nivel e momento. Mediante o xogo e a simulación os alumnos e

alumnas descubren as posibles actitudes comunicativas.

-A comprensión lectora: O alumnado chegará a distinguir os elementos estruturais das narracións e as ideas esenciais das exposicións e a discriminar os constituintes dos distintos tipos de lectura (títulos, portadas, capítulos, etc...). Así o alumno comprenderá o seu valor expresivo e observará os contidos e mensaxes connotativas.

-A expresión escrita: desenvolvemos a tipoloxía textual, co fin de que o alumno sexa capaz de producir composicións individuais de distinta índole; ademais aprenderá a facer esquemas e resumos, que lle axudarán a extraer as ideas principais dun texto.

Presentamos os coñecementos específicos de tipo gramatical e ortográfico como recursos necesarios para a expresión, con utilidade y aplicación práctica.

Esto favorece a súa asimilación, posto que no se plantexan como obxectos estranos, susceptibles de ser memorizados, senon como unha axuda máis para a comunicación.

Os contidos da área de Lingua Galega están organizados arredor duns conceptos fundamentais vinculados a contexto real. Será importante traballar a parte competencial de forma que o coñecemento se transforme en acción e se poida aplicar a proxectos reais próximos ao alumnado.

Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo. Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas dende a teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

Nesta área os alumnos iníciáanse no desenvolvemento das habilidades da linguaxe, por iso, deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

A elaboración de proxectos de traballo cooperativo constitúe unha forma de aprendizaxe significativa e auténtica, cos que se potencia:

- O respecto cara os seus compañeiros.
- A responsabilidade individual e colectiva.
- A comunicación entre os membros do grupo.
- O reparto de responsabilidades.
- A diversidade enriquecida polas contribucións individuais.
- A análise crítica da información.
- A capacidade de síntese.
- A mellora das aprendizaxes.

Secuenciación da aprendizaxe cooperativa:

1º trimestre: Promover a cohesión do grupo, establecer normas de funcionamento e practicar unas primeiras estruturas de traballo cooperativo.

2º trimestre: Asignar roles dentro do grupo, reforzar as habilidades sociais para a cooperación e introducir a autoavaliación dos equipos de traballo.

3º trimestre: Traballar en equipos estables, incorporar estruturas cooperativas máis complexas e avaliar a dinámica dos equipos.

A ensinanza individualizada promove que cada alumno traballe na consecución dos obxectivos educativos a un ritmo acorde coas súas capacidades e destrezas. Por eso é importante establecer un plan que os axude a superar a súas dificultades, así como a desenvolver e potenciar as súas habilidades.

Centraremonos nunha metodoloxía flexible e inclusiva, dotada de técnicas e recursos educativos que mellor se adapten as necesidades particulares dos alumnos.

Dispoñemos de materiais didácticos específicos para utilizar en función das condicións concretas de cada neno ou nena, así como dos obxectivos de mellora que se plantexen en cada caso.

O carácter multidisciplinar de moitas das competencias parte da concepción do

currículo como un conxunto que abarca as diversas áreas e materias, polo que se require unha gran coordinación docente donde o traballo en equipo de todos os docentes ha de ser unha constante.

Fomento da lectura.

O plan lector do noso centro intenta promover o gusto pola lectura e fomentar o hábito lector entre o alumnado e as familias.

Dedícanse un tempo de trinta minutos diarios á lectura na clase ou na biblioteca do centro distribuídos así:

- Hora de lectura, un tempo de vinte minutos diarios no que todo o centro está realizando lectura silenciosa.

- Outros dez minutos diarios, que se desenvolven ao longo das actividades planificadas, según as necesidades que xorden da programación diaria do profesor.

A biblioteca escolar do centro, como elemento fundamental no ensino-aprendizaxe, ten unha organización que favorece o seu uso por parte do todo o alumnado e de todo o profesorado. Cada aula ten garantizada unha hora semanal para o seu uso exclusivo. Ademais diso, os seus fondos nutren as bibliotecas de aula que poden cambiarse no momento en que o profesorado o considere oportuno.

A biblioteca en colaboración cos titores planifica e leva a cabo actividades de fomento da lectura atendendo aos criterios que considere o equipo e cos criterios xerais que se establezan na Programación Xeral Anual, especialmente no referente ao tema núcleo anual

A competencia lectora do alumnado precisa que os poñamos en contacto con toda a diversidade de textos ao longo da súa escolaridade e que lles ofrezamos os recursos para que poidan interpretalos satisfactoriamente.

Os que traballaremos en cuarto son: descritivos, narrativos (conto, fábula, lenda, biografía, novelas de aventura e fantasía, banda deseñada, adiviñas, noticias xornalísticas, ¿) instrutivos (receitas, normas) e poesía.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro do alumno: libro de texto da editorial escollida.
Libros de lectura: tanto da biblioteca do centro como da biblioteca de aula.
CD e DVD de xogos e contos.
Vídeos didácticos.
Ordenador de aula e proxector.
Dicionario de lingua galega.
Murais ortográficos e de vocabulario.
Recursos fotocopiáveis .
Recursos na rede.
Xogos didácticos.
Xornais e revistas.
Material funxible.
Aula virtual do centro.

Neste apartado vaise a expoñer principalmente a selección dos materiais e recursos didácticos empregados.

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes, seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa.

Establécense oito criterios ou directrices xerais que perfilan a análise:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade á lóxica interna de

cada área.

- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferete tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.

Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.

### **5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

En 4º de Primaria contemplamos a necesidade de realizar probas específicas de avaliación inicial destinadas a realizar unha valoración da situación de partida dos alumnos ao inicio do curso, especialmente en caso de non manterse o grupo co/a memo/a titor/a.

A partir dos resultados, levaranse a cabo as decisión e actuacións comúns adoptadas polo equipo docente .

Esta tarefa realizarase mediante técnicas e procedementos como:

1.- Intercambio de información do equipo educativo:

- Repeticións e materias pendentes doutros cursos.
- Atención á diversidade: discapacidades psíquicas, motóricas, sensoriais, trastornos grave de conducta.
- Dificultades de aprendizaxe: intelixencia límite, déficit de atención, hiperactividade, dislexia, dificultades específicas.
- Altas capacidades: talento, superdotado,
- Compensación educativa: medio social desfavorecido, escolarización irregular, absentismo, riesgo de abandono escolar, medidas xudiciais ou de protección,
- Incorporación tardía ao sistema educativo: inmigrante, desescolarizado.
- Outros aspectos: intereses, enfermidades, aspectos familiares.

2.- Observación directa e sistemática dos alumnos (individual e grupal) e guiada coa axuda de documentos específicos para tal fin.

3.- Probas escritas e orais.

4.- Autoavaliación de alumnos e alumnas (reflexións e toma de conciencia das carencias ou fortalezas en canto as aprendizaxes).

5.- Entrevistas individuais aos alumnos (formais e informais mediante preguntas na clase) e as familias.

6.- Simulación de situacións, debates.

7.- Resultados das probas iniciais.

8.- Proposta de medidas.

### **5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

#### **Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>8</b>	<b>8</b>
<b>Proba escrita</b>	27	20	10	16	61	14	18	8	20	14
<b>Táboa de indicadores</b>	73	80	90	84	39	86	82	92	80	86

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>7</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	14	20	<b>20</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	86	80	<b>80</b>

#### **Criterios de cualificación:**

Realizarase a cualificación do noso alumnado tendo en conta os seguintes puntos:

-Realizaremos unha proba escrita en cada 2 Unidades Didácticas que traballaremos ao longo do curso, dándolle a porcentaxe recollida no apartado anterior. Dentro de cada unidade, cada proba escrita será elaborada e avaliada tendo en conta o peso orientativo asignado a cada criterio de avaliación.

-Mediante a observación directa e sistemática completaremos unha táboa de indicadores ou rúbrica coa que valoraremos os seus traballos, as exposicións destes, así como as interaccións orais e a actitude ante a materia e cos seus compañeiros/as. Esta táboa de indicadores terá o peso especificado en cada unidade.

Nesta táboa de indicadores, algúns serán recollidos marcando si/non como resposta ao mínimo a conseguir, e outros serán recollidos cunha escala do 1 ao 5 como posible resposta.

O 60% da cualificación virá dada por unha proba escrita, e o 40% restante mediante unha táboa de indicadores.

O nivel de adquisición das competencias que valoraremos a través de todas as tarefas levadas a cabo e tendo en conta os seguintes criterios: **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Probas específicas orais ou escritas 60%, traballo autónomo e seguimento das clases 20% (libretas, fichas, traballos, esforzo, presentación con orde e limpeza), traballo en equipo 10% (participación activa. respecto polas normas do grupo, iniciativa e aportacións realizadas, adecuación do produto final ao solicitado), actitude e participación 10% (cumprimento dos seus deberes como alumno/a: respecto polas normas da clase, intervencións axeitadas respectando a quenda e atendendo aos demais, coidado do material persoal e da aula, respecto aos dereitos dos demais).

A avaliación ordinaria final responderá aos seguintes parámetros que recollemos a continuación: a) Avaliación continua nas Linguas Galega e Castelán, no Proxecto Competencial e Ed. Plástica, polo que a nota da terceira avaliación e a ordinaria coincidirán. b) En Ciencias Sociais, Ciencias da Natureza e Matemáticas a avaliación ordinaria responderá á media aritmética das tres avaliacións trimestrais. Respecto aos criterios de promoción, a avaliación será positiva cando o alumnado acade alomenos os estándares prioritarios no seu nivel mínimo de consecución e o 60% do resto dos estándares.

#### **Criterios de recuperación:**

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. Traballaremos, pois, tendo en conta esa diversidade adoitando as seguintes medidas: -Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado. -Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión - Partiremos do nivel de cada alumno/a. -Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible. - Traballaremos as emocións con todo o grupo - clase, facéndoos pensar e dialogando ao remate das tarefas sobre o



que saíu ben e o que saíu mal e buscando xuntos propostas de mellora. As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes. O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio. En todo caso intentarase: -Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a. -Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade. -Partir dunha avaliación inicial dos alumnos en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido. De modo xeral, propoñeranse actividades de reforzo en cada unidade para aqueles Criterios de Avaliación nos que non se acadou o mínimo esixible, a non ser que se trate dun Criterio de avaliación que se avalíe tamén en unidades posteriores e se considere que co traballo das unidades seguintes é recuperable.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas con carácter curricular son o reforzo educativo e as adaptacións curriculares que se levan a cabo con algúns/algunhas estudantes.

O reforzo educativo realízase dentro da aula ordinaria polo mestre/a titor/a e, noutras ocasións, pola mestra especialista en pedagogía terapéutica dentro da medida das súas posibilidades ou pola mestra ou mestre de apoio. Reciben este tipo de reforzo aqueles/as alumnos/as que coa modificación de elementos non prescritivos do currículo, é dicir, a secuencia de contidos, as formas e instrumentos de avaliación, a organización da aula, os agrupamentos dos alumnos/as e todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía, poden seguir o proceso ordinario de ensino/aprendizaxe, fundamentalmente nas áreas de alto contido instrumental como é o caso da lingua castelá.

Por outra banda, a adaptación curricular (medida extraordinaria) refírese ás modificacións dun ou máis elementos prescritivos do currículo, como son obxectivos, contidos e criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno/a motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais.

O referente de toda adaptación curricular son os obxectivos xerais da etapa, concretados no proxecto curricular do centro para cada curso. Os obxectivos poden pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinto do que cursa o alumno/a obxecto de adaptación curricular.

Os nenos/as con adaptacións curriculares reciben apoio por parte da mestra de pedagogía terapéutica e, se é o caso, por parte da mestra de audición el linguaxe.

En todo caso intentarase:

- Adaptarnos ás características individuais e sociais de cada alumno/a.
- Adoptar unha metodoloxía propicia á aprendizaxe para todos os alumnos/as na súa diversidade.
- Partir dunha avaliación inicial dos/as alumnos/as en cada núcleo de aprendizaxe para detectar coñecementos previos, e para facilitar a importancia do novo contido a ser aprendido.

Para alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, elaborárase un plan específico de reforzo como se recolle no artigo 50 da Orde 8 setembro 2021 de atención á diversidade.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.				X		X		X
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Comprensión lectora.	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.				
ET.6 - Igualdade entre mulleres e homes.	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz.	X	X	X	X
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible.	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual).	X	X	X	X

**Observacións:**

Aínda que todos os elementos transversais poderían relacionarse con todas as unidades, marcamos solo aquelas unidades nas que o elemento transversal está presente dun xeito moi claro.

Traballaranse segundo a programación de aula aínda que a un ritmo acorde coas capacidades e destrezas do alumnado.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúns áreas, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Na programación de aula non están programados como contidos a ensinar, senón que se traballarán en todas as áreas e serán tidos en conta ao longo de toda a actuación educativa: á hora de organizar a aula, de facer agrupamentos do alumnado, de seleccionar lecturas e materiais, de poñer en marcha estratexias que permitan a colaboración e o protagonismo dos/as alumnos/as máis desfavorecidos e establecendo plans que permitan superar as dificultades, así como a desenvolver e potenciar as habilidades.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita ao museo de Historia natural de Santiago de Compostela	Este museo permite coñecer diferentes especies animais e tamén minerais	X		
Visita ao xacemento arqueolóxico de Campolameiro	Visita a un dos xacementos arqueolóxicos máis interesantes de Galicia		X	
Visita a Marcelle	Lugar moi axeitado para a educación ambiental dos alumnos			X
Gran Prix na Academia de Policía	Participaremos no programa de seguridade viaria do noso Concello.		X	
visionado de película no cine	visita ao cine da estrada	X		
Ecosistemas de campo e río	Visita á praia fluvial de Liñares			X

### Observacións:

O noso centro conta cunha serie de criterios establecidos que marcan a selección e organización das actividades complementarias que se realizan co alumnado.

Ditas actividades están relacionadas con:

- Cos contidos de cada área.
- O establecido no currículo como conmemoracións a traballar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo que consideremos máis interesantes. Aparte das visitas trimestrais, os alumnos e alumnas participarán en cada unha das conmemoracións do colexio, na elaboración dun artigo da revista escolar, na elaboración do "faro da escola" etc

Todas e cada unha das actividades complementarias deben ser:

integradoras, coeducativas, globalizadas, motivadoras, que fomenten a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades, a convivencia, a tolerancia, e o respecto.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
5. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.
6. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
7. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
8. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
9. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
10. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
11. Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo.

### Descrición:

Neste apartado preténdese promover a reflexión da práctica docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que permitan avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

Os items relacionados preséntanse en táboas que conteñen unhas casiñas numeradas do 1 ao 5 para valorar o grao de consecución de cada un deles. A continuación analizaranse nunha posta en común do profesorado do nivel ao remate de cada avaliación . Este proceso permitirá unha reflexión sobre a nosa práctica docente e posibilitará a introdución das medidas correctoras necesarias para a mellora do proceso de ensino.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Trimestralmente farase un seguimento do desenvolvemento da programación na propia aplicación PROENS, previa reunión do profesorado do nivel. A programación debe ser flexible, permitíndonos correxir e modificar aqueles aspectos que non resultasen idóneos na posta en práctica.

Ao remate de cada avaliación, utilizando a información recollida na posta en común sobre o labor docente , as respostas ás seguintes cuestións (que se valoran entre 1 e 5) e os resultados académicos existentes, reuniremonos para a toma de decisións acordada sobre os posibles cambios que precise a nosa programación. As conclusións quedarán recollidas na acta da reunión de ciclo.

Cuestións:

1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.

5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
9. Adecuación da secuencia de traballo na aula
10. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
11. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
12. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
13. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc
14. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
15. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
16. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
17. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
18. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas
19. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
20. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
21. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
22. Contribución ao plan de lectura do centro.
23. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

## 9. Outros apartados